

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

8605 *Resolución do 30 de xullo de 2014, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se modifica a adaptación do Plan xeral de contabilidade pública á Administración xeral do Estado.*

A Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril, aprobou un novo Plan xeral de contabilidade pública (en diante PXCP) co carácter de plan contable marco para todas as administracións públicas.

A Instrución de contabilidade para a Administración xeral do Estado, aprobada mediante a Orde EHA/3067/2011, do 8 de novembro, establece na súa regra 2 que a contabilidade da Administración xeral do Estado se deberá axustar ao PXCP nos termos establecidos na adaptación dese Plan á Administración xeral de Estado.

Mediante a Resolución do 17 de novembro de 2011, da Intervención Xeral da Administración do Estado, aprobouse a adaptación do Plan xeral de contabilidade pública á Administración xeral do Estado.

As modificacións que se regulan na presente norma deben ser aprobadas mediante resolución do interventor xeral da Administración do Estado, xa que afectan materias reguladas en distintos puntos da citada Resolución do 17 de novembro de 2011.

A presente resolución estrutúrase nun punto e nunha disposición derradeira que regula a súa entrada en vigor.

No punto único, dividido en catro epígrafes, régulanse as modificacións que se introducen na adaptación do PXCP á Administración xeral do Estado, aprobada pola Resolución do 17 de novembro de 2011, da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Na epígrafe un régúlase a modificación da norma de recoñecemento e valoración 2.^a, «Inmovilizado material», co fin de que a activación de gastos financeiros soamente se permita nos inmovilizados que necesiten un período de tempo superior a un ano para estaren en condicións de uso.

Na epígrafe dous modifícase a localización en balance da subconta 5586, «Gastos realizados con provisións de fondos para pagamentos a xustificar pendentes de aprobación», de acordo coa modificación que se realiza na definición da conta 558, «Provisións de fondos para pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa», pola epígrafe catro desta resolución.

Na epígrafe tres modifícase o estado do remanente de tesouraría, substituíndo na columna «N.º de conta» a conta 449, «Outros debedores non orzamentarios» pola subconta 4499, «Outros debedores non orzamentarios», co fin de eliminar do estado do remanente de tesouraría a subconta 4491, «Debedores por avais aboados», xa que na dita conta se recollen debedores non orzamentarios que serán orzamentarios no momento do vencemento.

Por último, na epígrafe catro modifícanse as «Definicións e relacións contables», para modificar a definición da conta 558 «Provisións de fondos para pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa».

En virtude das competencias que se lle atribúen á Intervención Xeral da Administración do Estado no punto 1.b) do artigo 125 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para aprobar a normativa de desenvolvemento do Plan xeral de contabilidade pública e os plans parciais ou especiais que se elaboren conforme este, esta Intervención Xeral dispón:

Único. *Modificación da Resolución do 17 de novembro de 2011, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se aproba a adaptación do Plan xeral de contabilidade pública á Administración xeral do Estado.*

A Resolución do 17 de novembro de 2011, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se aproba a adaptación do Plan xeral de contabilidade pública á Administración xeral do Estado, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o punto 1 do ordinal segundo, «Adaptación á Administración xeral do Estado da segunda parte do PXCP», que pasará a ter o seguinte contido:

«1. Realízanse as seguintes modificacións na norma de recoñecemento e valoración 2.^a, “Inmovilizado material”»:

a) No punto 3, «Activación de gastos financeiros», engádese un primeiro parágrafo co seguinte contido:

«Nos inmovilizados que necesiten un período de tempo superior a un ano para estaren en condicións de uso, as entidades poderán incorporar ao prezo de adquisición ou custo de produción os gastos financeiros que se devindicasen con anterioridade á súa posta en condicións de funcionamento, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.»

b) No punto 4.d), relativo á valoración inicial dos activos adquiridos en permuta, engádese ao final o seguinte parágrafo:

«Para estes efectos presumírase, salvo proba en contrario, que os inmoables intercambiados nunha permuta non son similares desde un punto de vista funcional ou de vida útil.»

Dous. No ordinal quinto, «Adecuación do balance», realízanse as seguintes modificacións:

a) No punto 11, relativo á epígrafe III, «Debedores e outras contas a cobrar», modifícase a letra b), que terá o seguinte contido:

«b) Na partida 2, “Outras contas a cobrar”, elimínase a conta 440, engádense as contas 448 e 553, e substitúese a conta 558 polas subcontas 5580, 5584 e 5585.»

b) No punto 12, relativo á epígrafe IV, «Acredores e outras contas a pagar», engádese unha nova letra d) co seguinte contido:

«d) na partida 2, “Outras contas a pagar”, engádese a subconta 5586.»

Tres. Modifícase o punto 2 do ordinal oitavo, «Adecuación da memoria», que terá o seguinte contido:

«2. Como consecuencia da adaptación do cadro de contas que se regula no ordinal terceiro anterior, realízase a seguinte modificación no punto 22.5, “Estado do remanente de tesouraría”, da memoria:

Na columna “N.º de contas” do estado, que figura ao final da epígrafe, substitúese a conta 295 pola 2954, a 449, pola 4499, e a 5581, pola 5580; e elimínanse as seguintes contas: 410, 440, 470, 472, 475 e 477.»

Catro. No anexo II, «Modificacións nas definicións e relacións contables», inclúese, na orde que corresponda, a conta 558, «Provisións de fondos para pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa», coa seguinte definición:

«558. Provisións de fondos para pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa.

Recolle a situación e os movementos dos fondos librados para pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa a favor de caixeiros pagadores integrados organicamente na entidade contable.

Figurará no activo corrente do balance na epígrafe III, “Debedores e outras contas a cobrar”, excepto a subconta 5586, que figurará na epígrafe IV, “Acredores e outras contas a pagar”, do pasivo corrente.

Funcionará a través das súas divisionarias.

O contido e movemento das subcontas que comprende é o seguinte:»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de xullo de 2014.–O interventor xeral da Administración do Estado, José Carlos Alcalde Hernández.